

REGULAMENTO DO CONGRESO LOCAL EXTRAORDINARIO DO PARTIDO POPULAR

OURENSE.-

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1- CONVOCATORIA DO CONGRESO

- 1.1. De conformidade co establecido nos vixentes Estatutos do Partido Popular e no Regulamento Marco de Congresos, mediante Acordo adoptado pola Xunta Directiva Provincial do PP de Ourense na súa reunión de data 23 de xuño de 2022, convócase a celebración do Congreso local extraordinario do Partido Popular de Ourense, que terá lugar o día 23 de xullo, en Ourense, no Centro Cultural Marcos Valcárcel.
- 1.2. A convocatoria do Congreso Local comunicarase a todos os afiliados d'a Xunta Local de Ourense. Nesta comunicación, que se realizará ao día seguinte da adopción do acordo de convocatoria, deberá indicarse o sistema para formalizar a asistencia e a data límite para realizala (-articulo 20.4 e 6. R. M. C.).
- 1.3. Nas páxinas web do Partido Popular de Ourense publicaranse todos aqueles documentos e informacóns relevantes para o bo desenvolvemento e organización do mesmo.

Artigo 2- COMISIÓN ORGANIZADORA DO CONGRESO

- 2.1. Encoméndaselle á Comisión Organizadora o impulso, coordinación e dirección de todos os aspectos organizativos para o bo desenvolvemento do Congreso. Tamén lle corresponde garantir a transparencia do proceso electoral, así como velar pola igualdade de dereitos de todos os afiliados e polo respecto á legalidade vixente en materia de protección de datos. Así mesmo, garantirá a todos os candidatos a igualdade de oportunidades e asegurará a neutralidade da organización de Partido.

Poñeranse a disposición os medios telemáticos do Partido para a remisión aos afiliados das comunicacións que os diferentes candidatos poidan elaborar, en condicións de igualdade, e sen cesión a estes dos censos de afiliados, prohibida pola Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal.

2.2. En función da situación sanitaria e das consecuentes restricións de aforo, a Comisión Organizadora poderá determinar a súa celebración de forma mixta (telemática e presencial), así como adoptar, de forma motivada, todas aquelas medidas e acordos que consideren necesarios para preservar a seguridade e saúde dos afiliados.

Ademais, ante a situación excepcional derivada da pandemia do COVID-19 habilítaselle expresamente para a adopción daqueles protocolos e medidas que se estimen necesarios para evitar ou reducir a presenza simultánea dun número elevado de afiliados nun mesmo acto ou reunión.

No exercicio das súas funcións, a Comisión Organizadora priorizará, nas súas relacións cos afiliados e órganos do partido, a comunicación e distribución da documentación de forma telemática.

En ningún caso, o afiliado que se presente como candidato terá dereito a acceder á información de carácter persoal dos afiliados rexistrados, a cuxo efecto será o Xerente Provincial o encargado da súa custodia e bo uso.

Artigo 3- COMPETENCIAS DO CONGRESO LOCAL

O Congreso Local do Partido ostenta as facultades seguintes:

- a) Aprobar ou censurar, no seu caso, a actuación desenvolta desde o anterior Congreso polo Comité Executivo Local.
- b) Aprobar ou modificar a normativa regulamentaria e organizativa propia do seu ámbito territorial, sen poder alterar as normas de rango superior
- c) Coñecer as contas do Partido no municipio.
- d) Configurar as normas políticas básicas para a dirección do Partido no seu ámbito territorial específico.

- e) Debater e adoptar cuantos documentos enriquezan a actuación do Partido Popular no municipio, definan a súa oferta electoral ou afecten á estratexia de xestión da súa competencia.
- f) Elixir o Presidente e aos vogais que integrarán o Comité Executivo.

Artigo 4- REGULAMENTO DO CONGRESO

- 4.1. Todo o relativo á organización e funcionamento do Congreso Local de Ourense, rexerase polo presente Regulamento, aprobado pola Xunta Directiva Provincial na súa reunión do 23 de xuño de 2022.
- 4.2. As dúbidas que se poidan presentar na interpretación do Regulamento serán resoltas pola Comisión Organizadora ata o momento da constitución da Mesa do Congreso.
- 4.3. Durante a celebración do Congreso dita tarefa será competencia exclusiva da Mesa.

Artigo 5- COMPOSICIÓN DO CONGRESO LOCAL

- 5.1. O Congreso Local do Partido Popular de Ourense será asembleario.
- 5.2. Nos Congresos Asemblearios, terán dereito a participar todos aqueles afiliados do Partido Popular de Ourense, incluídos os de Novas Xeracións, que cumpran os requisitos sinalados no artigo 12.3 do Regulamento Marco de Congresos.
Para o exercicio destedereito e con obxecto de facilitar a organización do Congreso, os afiliados deberán comunicar a súa asistencia á Comisión Organizadora correspondente, quen establecerá un prazo para a inscrición. (-Artigos 20.2 e 3 e 12.3 R. M. C.-).

5.3. Censo do Congreso:

- a) Se o tempo transcorrido entre a convocatoria do Congreso ordinario provincial e o do Congreso local é inferior a 4 meses, ao amparo do disposto no artigo 3.6 do Regulamento Marco de Congresos, o censo será o pechado o día da convocatoria do Congreso ordinario provincial.

b) Se o tempo transcorrido entre a convocatoria do Congreso ordinario provincial e o do Congreso local é superior a 4 meses, ao amparo do disposto no artigo 3.6 do Regulamento Marco de Congresos, o censo será o pechado o día da convocatoria do Congreso ordinario local.

5.4. O formulario de inscrición estará dispoñible, tanto en formato físico na sede provincial do Partido Popular de Ourense como en versión electrónica na páxina web de Partido Popular de Ourense e deberá ser entregado antes das 20 horas do día 11 de xullo (Artigo 11.1 do Regulamento Marco). No formulario deberá aparecer, polo menos, o nome, apelidos, DNI, teléfono móvil, dirección de correo electrónico, sede na que está afiliado e firma do solicitante. Tamén deberá conter as estipulacións para que os rexistrados consintan na utilización e cesión dos seus datos persoais para os efectos de celebración do Congreso.

5.5. Para facilitar que aqueles afiliados que desexen actualizar as súas cotas poidan facelo, acórdase abrir un período desde o día 27 de xuño de 2022 ata as 14:00 h. do 11 de xullo de 2022 (hora na que termina o prazo de inscrición) para abonar as cotas pendentes.

Tendo en conta o establecido no artigo 5.2. dos Estatutos do Partido Popular e co fin de garantir o cumprimento da normativa interna, deberá acreditarse a identidade da persoa que realiza o pago. Para iso, este deberá realizarse exclusivamente mediante transferencia bancaria. Unha vez realizada, deberá entregarse na sede local do Partido Popular de Ourense o comprobante da transferencia realizada no que deberá figurar o número de conta de orixe.

Esta documentación poderá enviarse por correo electrónico á dirección ourense@pp.es. Para poder participar no Congreso, os afiliados con máis dun ano de antigüidade deberán estar ao corrente de, polo menos, as cotas desde o último Congreso Local. As persoas que se afiliaisen con posterioridade ao último Congreso deberán estar ao corrente de pago desde a data de afiliación.

Os importes das cotas son os seguintes:

- Ano 2017: 24 euros
- Ano 2018: 24 euros

- Ano 2019: 24 euros
- Ano 2020: 24 euros
- Ano 2021: 24 euros
- Ano 2022: 24 euros

A conta do Partido Popular á que se deberá realizar a transferencia é ES69 0081 5290 7700 0212 9920 do Banco de Sabadell.

No caso de que non se cumpran estes requisitos, non se admitirá a inscrición.

As persoas que se atopen en situación de desemprego, risco de exclusión social e os menores de vinte e cinco anos, en función da súa situación económica familiar (cando formen parte dunha unidade familiar en risco de exclusión social e/ou emerxencia social) poderán beneficiarse da exención do pago da cota, aínda que deberán acreditalo antes de que finalice o prazo de inscrición (14:00 h. do día 11 de xullo de 2022).

Os medios para acreditalo serán, en caso de desemprego, tarxeta de demanda de emprego; no caso de risco de exclusión social e/ou emerxencia social, certificado ou informe de persoa en risco de exclusión social emitida polos servizos competentes. Tamén poderá acreditarse esta situación por calquera outro medio válido en Dereito, que será tido en conta pola Comisión Organizadora para tomar unha decisión.

TÍTULO II

DO PROCESO DE ELECCIÓN DO PRESIDENTE

Artigo 6- CANDIDATOS Á PRESIDENCIA LOCAL.

6.1. Poderán ser candidatos á Presidencia Local do Partido Popular de Ourense, todos os afiliados do Partido Popular en Ourense que se atopen ao corrente no pago das súas cotas, non se atopen suspendidos de afiliación e cumpran co resto das obrigacións estatutarias. Ademais, será necesario ter unha antigüidade mínima como afiliado de 12 meses.

6.2. Para ser proclamado candidato á Presidencia Local do Partido, o candidato deberá ser avalado, polo menos, por 40 afiliados que se atopen ao corrente de pago das cotas en función do artigo 5.3 do presente Regulamento. (Artigos 20.5, 10.4. e 3.6 R. M. C.)

6.3. Os avais terán que formalizarse no modelo oficial que para ese efecto elaborará a Comisión Organizadora e estarán ao dispor dos afiliados a partir da convocatoria do Congreso Local.

6.4. A presentación da candidatura á Presidencia Local deberá formalizarse ante a Comisión Organizadora, non máis tarde das 20.00 horas do día 11 de xullo de 2022. (Artigo 21. b. R. M. C.).

6.5. Finalizado o prazo para presentar a candidatura á Presidencia Local, a Comisión Organizadora, unha vez comprobado que as candidaturas presentadas reúnen os requisitos esixidos e verificada a validez dos avais, procederá a proclamar aos candidatos e a convocar a campaña electoral interna.

6.6. Unha vez proclamados os candidatos á Presidencia Local, estes deberán presentar, ante a Comisión Organizadora e non máis tarde das 20:00 horas do 20 de xullo de 2022 (artigo 21. b. R. M. C.), as súas candidaturas completas nas cales deberá constar, xunto ao nome e apelidos do candidato para presidir a Xunta Local, a relación dos vogais, cun máximo de 20, que formarán o respectivo Comité Executivo (Artigo 21.d. R. M. C.). Ninguén poderá figurar en dous ou máis candidaturas.

Artigo 7- DA CAMPAÑA DOS CANDIDATOS Á PRESIDENCIA LOCAL.

7.1. A campaña electoral interna comezará ás 00:00 horas do día 13 de xullo de 2022 e finalizará ás 24:00 horas, do 18 de xullo de 2022. (Artigo 21. c. R. M. C.)

7.2. Deberá existir, polo menos, un acto de convocatoria aos afiliados para que os candidatos poidan, se o desexan, presentar o seu programa para presidir a xunta local e o seu equipo. (Artigo 21. c. R. M. C.)

TÍTULO III

DO FUNCIONAMENTO DO CONGRESO

Artigo 8- CONSTITUCIÓN DO CONGRESO LOCAL.

O Presidente da Comisión Organizadora, declarará validamente constituído o Congreso Local, na hora, data e lugar da súa convocatoria, con independencia do número de afiliados asistentes.

Artigo 9- COMPOSICIÓN E ELECCIÓN DA MESA DO CONGRESO.

9.1. O Congreso Local será presidido pola Mesa do Congreso, que estará composta por un Presidente e polo menos un Secretario e un vogal. (Artigo 21.e. R. M. C.)

9.2. Todos os membros da Mesa deberán ostentar a condición de afiliados nos mesmos termos indicados para poder exercer o dereito ao voto.

9.3. No acto inaugural do Congreso, o Presidente da Comisión Organizadora ou a persoa na que delegue, trasladará a proposta de composición da Mesa do Congreso á Asemblea, que deberá ser ratificada por maioría simple. De non aceptarse a proposta, abrirase un prazo de 30 minutos, durante o cal, poderanxe presentar candidaturas completas á Mesa avaladas como mínimo polo 15% do total do censo de rexistrados, sendo elixida a candidatura que obteña maior número de votos.

Artigo 10- APROBACIÓN DO REGULAMENTO

Constituída a Mesa do Congreso, deberá anunciar o oportuno acordo de aprobación do Regulamento.

Artigo 11- FUNCIÓNS DA MESA DO CONGRESO.

A Mesa dirixirá, impulsará, ordenará e moderará os debates, velando en todo momento pola boa marcha do Congreso.

As súas decisións adoptaranse por maioría simple, tendo o seu Presidente, en caso de empate, voto de calidade.

Corresponde á Mesa cumplir e facer cumprir o Regulamento do Congreso, interpretalo nos casos de dúbida e suplilo nos de omisión.

Artigo 12- DA PRESIDENCIA.

12.1. Corresponde ao Presidente, en nome da Mesa, abrir, dirixir, suspender e levantar a sesión; autorizar o uso da palabra e fixar, á vista de peticóns de intervención, o número máximo de intervencións e a duración das mesmas. Así mesmo, antes de cada votación, expoñerá con claridade os termos da proposta ou propostas sometidas a votación.

12.2. O Presidente poderá chamar ao @orden e, no seu caso, retirar a palabra a quen nas súas intervencións alónguese excesivamente, desvíese do tema obxecto de debate, falte ao establecido neste Regulamento, profira expresións ofensivas ao decoro do Partido, dos seus membros ou de calquera outra institución, entidade ou persoa, ou que de calquera outra forma alteren ou obstaculicen a boa marcha do Congreso.

Artigo 13- DA SECRETARÍA

13.1 Corresponde á Secretaría da Mesa, a redacción da acta de sesión recollendo na mesma o resumo das intervencións, as propostas presentadas, as votacións producidas, indicando o número de votos emitidos, os favorables, os contrarios, os nulos e as abstencións, así como os resultados.

13.2. A acta será aprobada pola Mesa e unha vez terminado o Congreso será asinada por todos os seus componentes, remitíndose posteriormente á Sede Provincial do Partido.

Artigo 14- FUNCIONAMENTO DO CONGRESO

O Congreso funcionará en Pleno. Os seus acordos adoptaranse por maioría simple mediante votación a man alzada, salvo os referentes á elección dos órganos do Partido, que se acomodarán ao establecido no presente Regulamento.

Artigo 15- PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS E PROGRAMAS ANTE O CONGRESO

Os candidatos proclamados terán dereito a presentar ante o Pleno do Congreso o seu programa e ao equipo que lle acompaña para cubrir os órganos de dirección, correspondendo á Mesa limitar os tempos, así como fixar a orde de intervencións. Para iso, deberá considerarse o número de avais válidos que presente cada candidato, de maneira que os que acheguen maior número, terán prioridade para elixir a orde da súa intervención. Os empates dirimiranse por sorteo.

Artigo 16- DAS VOTACIÓNNS

16.1 A elección do Presidente levará a cabo na Asemblea local. A Asemblea elixirá nunha lista os vogais que formarán o Comité Executivo, figurando como Presidente quen fose proclamado candidato.

16.2. A votación dos candidatos efectuarase mediante votación secreta. Para iso, habilitaranse o número de urnas que a Comisión Organizadora considere conveniente. Cada urna estará baixo a custodia dunha Mesa Electoral designada a tal fin pola Mesa do Congreso

16.3. Os candidatos á Presidencia poderán nomear un ou varios afiliados que actúen como interventores ou apoderados no acto da elección, pero só un deles, ao mesmo tempo, incorporarase á Mesa constituída para o efecto.

16.4. As papeletas para efectuar a votación serán elaboradas pola Comisión Organizadora e nelas aparecerá tras o texto "DOU O meu VOTO Á CANDIDATURA ENCABEZADA POR" o nome do candidato á Presidencia.

16.5. Os afiliados con derecho a voto, no momento de depositar a papeleta de voto, acreditarán a súa condición co Documento Nacional de Identidade, Pasaporte ou Permiso de Conducir.

16.6. Durante a xornada electoral queda prohibido fazer campaña ou distribuir papeletas, previamente sinaladas, no interior do recinto no que se celebren as votacións, podendo precisar a Mesa do Congreso os límites da prohibición.

16.7. Unha vez finalizada a votación, as Mesas Electorais realizarán os correspondentes escrutinios que serán remitidos á Mesa do Congreso, quen anunciará os resultados e proclamará a candidatura que obteña o maior número de votos.

No caso de que houbese máis dun candidato e producíse un empate no número de votos a cada candidato, o desempate resloverase por sorteo.

TÍTULO IV

DAS IMPUGNACIÓNS

Artigo 17- PROCEDEMENTO E ÓRGANOS COMPETENTES

17.1 Os acordos de proclamación de candidatos poderán impugnarse por estes, por escrito, #ante a Comisión Organizadora do Congreso que, nun prazo máximo de 24 horas, resolverá sobre a impugnación.

17.2. As reclamacións e impugnacións daqueles acordos tomados durante a celebración do Congreso serán presentadas polos afiliados #ante a Mesa do Congreso, que resolverá durante a celebración do mesmo, incluíndo na acta as motivacións nas que se fundamente a súa resolución.

A resolución da Mesa será apelable ante o Comité de Dereitos e Garantías de Galicia, no prazo máximo de 24 horas despois da celebración do Congreso.

17.3. O Comité Nacional de Dereitos e Garantías resolverá, en segunda instancia, os recursos interpostos contra as resolucións do Comité de Dereitos e Garantías de Galicia.

DISPOSICIÓN FINAL

En todo o non previsto neste Regulamento será de aplicación o disposto nos Estatutos Nacionais do Partido Popular, no Regulamento Marco de Congresos e no Regulamento de Funcionamento dos órganos do Partido Popular para a súa celebración de forma telemática ou mixta.